



Expediente IET: P-20-331
Proxecto: Parque eólico Maxal
Concello: Rodeiro (Pontevedra); Antas de Ulla e Taboada
(Lugo)
Promotor: Galenergy, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 16/02/2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Maxal.

1. Antecedentes:

Con data do 17/07/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EsiA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) como documento específico e cuxo contido tería que se axustar ao sinalado no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais, facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos do proxecto na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha adecuada integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Maxal, de 40,5 MW, composto por 9 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora, edificio de control e torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 127,5 metros, e 145 metros de diámetro de rotor. Proxéctase un edificio de control cunhas dimensións de 25,90 x 10 metros en planta e 3,5 metros de altura. A torre meteorolóxica acadará unha altura de 127,5 metros. A lonxitude total dos camiños de acceso é de 7.370 metros dos cales 4.953 metros serán de nova construción, 1.172 metros de camiños a acondicionar e 1.245 metros de vías sobre as que non será necesaria ningunha actuación. A lonxitude total das gabias é de 13.983 metros.

As infraestruturas do parque están dentro da área de desenvolvemento eólico (ADE) do Plan sectorial eólico de Galicia denominada Serra do Farelo.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo D).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, del 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase nas grandes áreas paisaxísticas Galicia Central e Chairas e Fosas Luguesas, nas comarcas paisaxísticas A Ulloa e Deza, e Terra de Chantada, respectivamente.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, situándose as máis próximas, a AEIP-03-13 Monte Faro a uns 4 km ao sur, a AEIP-07-21 Alto Ulla a uns 6 km ao norte, a AEIP-05-01 Río Miño a uns 9 km ao leste, e a AEIP-07-20 Sobreirais do Arnego a uns 11 km ao oeste do parque. Respecto aos miradoiros, o máis próximo, o de Cima do Farelo, localízase a uns 4 km ao noroeste, e xa máis lonxe aparecen os miradoiros de Monte Faro a 9,5 km ao sur, o Alto de San Cristovo a uns 10 km ao nordés e o miradoiro de Ponte Mourulle a 12,5 km ao leste.

Respecto a outros elementos do Catálogo das paisaxes, a uns 4 km ao sur do parque discorre o Camiño de Santiago (Camiño de Inverno) e sitúase o inicio da ruta de sendeirismo PR-G 7 Ruta do Faro.

Os aeroxeradores do proxecto distribúense por unha zona de relevo suave nunha contorna rural de carácter agrario conformada por un mosaico de parcelas de prados e cultivos delimitados por muros de pedra e sebes vexetais. Entre as parcelas cultivadas dispóñense masas de frondosas autóctonas, e nas ladeiras dos montes localízanse plantacións de especies forestais, principalmente piñeiros. Existen numerosos cursos fluviais de pequeno recorrido conservando nas súas beiras masas de vexetación autóctona. A poboación da contorna distribúese en numerosos núcleos rurais de pequeno tamaño, aparecendo, ademais, distintas explotacións agropecuarias illadas na zona de estudo. As principais estradas que discorren preto do parque son as provinciais LU-P-0301, LU-P-0304, LU-P-6002, EP-6204 e EP-6205.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores nun radio de 15 km para calcular a afección en superficie respecto das AEIP e de elementos de interese





paisaxístico do Catálogo, e unha análise da intervisibilidade con infograñas dos aeroxeradores respecto de certos elementos próximos de interese paisaxístico, o Camiño de Santiago e núcleos rurais. Finalmente se inclúe un breve apartado referente aos impactos do proxecto e outro de medidas preventivas e correctoras. Os efectos sinérxicos con outros parques próximos analízanse nun apartado do EsIA, que conta cun epígrafe específico sobre a paisaxe (8.6.5 Paisaxe).

O contido do EIIP pode considerarse, dende un punto de vista formal, acorde en parte co establecido no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, e se tiveron en conta as consideracións efectuadas polo IET no informe do 17/07/2020. Non obstante, o EIIP non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices da paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

O proxecto presenta modificacións respecto ao informado o 17/07/2020. As modificacións máis salientables débense á toma en consideración das propostas efectuadas por distintos organismos, entre eles o IET, en relación aos impactos das máquinas MX-02 e MX-08.

A proposta dun novo acceso ao aeroxerador MX-02 evita a afección á carballeira de Lebesende e ao regato do mesmo nome, e a modificación da posición do MX-08 reduce os impactos sobre o bosque de vexetación autóctona nas inmediacións do aeroxerador. Porén, o proxecto provocará unha intrusión visual derivada da presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores e a torre meteorolóxica, nunha extensa área de topografía suave sen resaltes importantes no relevo, o que lle confire unha alta visibilidade nunha contorna de marcado carácter agrario. Se ben a presenza destas infraestruturas non constitúe un elemento alleo no lugar de implantación, a localización doutros parques nas proximidades, así como os que se están a tramitar, pode xerar unha visión monótona de aeroxeradores que reduce a calidade escénica da contorna. A este respecto cabe sinalar o impacto visual que pode producir o parque dada a dimensión dos aeroxeradores e a distancia á que se sitúan dos núcleos rurais, moitos deles a menos dun quilómetro (Directriz de paisaxe DX.20 c).

Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. En relación aos miradoiros, se ben as infraestruturas do parque serán visibles dende o de Cima do Farelo, a incidencia visual non será significativa, dada a distancia existente e que o miradoiro atópase no medio doutro parque eólico rodeado de aeroxeradores moi próximos e dispostos con orientacións similares ás das infraestruturas do proxecto.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística centradas no deseño do parque (trazado dos camiños e localización dos aeroxeradores minimizando os movementos de terras), na conservación das estruturas de pedra existentes e nas medidas de recuperación e restauración dos terreos afectados polo proxecto. Tales medidas relaciónanse en parte coas normas e recomendacións recollidas nas Directrices de paisaxe de Galicia.

6. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase en parte ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

Toda vez que as Directrices de paisaxe de Galicia entraron en vigor o 20 de febreiro de 2021, de acordo coa Disposición transitoria única do Decreto 238/2020, o proxecto deberá adaptar o seu



contido ás determinacións das citadas Directrices. Así mesmo, o EIP deberá completarse co contido ao que fai referencia o epígrafe 2.d) do artigo 11 da Lei 7/2008 e o artigo 27.d) do Regulamento da Lei 7/2008.

As medidas previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe. Non obstante, para acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto deberanse ter en conta as seguintes consideracións, xa apuntadas no informe do IET do 17/07/2020:

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20 c), no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.
- Respecto á subestación, dada a súa localización nunha parcela pechada mediante un muro de pedra, risco común ao parcelario da contorna, debería analizarse o seu interese como elemento que engade un certo valor paisaxístico á contorna é, de ser o caso, proceder á conservación do mesmo (Directriz de paisaxe DX.17 a.4). Así mesmo, recoméndase a execución dunha barreira vexetal realizada con especies autóctonas e propias da zona, para mitigar a visibilidade da infraestrutura e acadar unha adecuada integración paisaxística no medio rural na que se sitúa (Directrices de paisaxe DX.20 i e DX.20 o).

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

